



BOLETÍN 1 – TEMA 1

1. Pon un exemplo de relación entre a estrutura e a función dun órgano, un tipo de célula ou un tecido.
2. Define “diferenciación celular”.
3. Verdadeiro ou falso? Corrixe os enunciados que sexan falsos.
 - a. A histoloxía estuda as células.
 - b. A fisioloxía estuda e describe o funcionamento dun órgano ou unha célula, e a anatomía, a súa estrutura.
 - c. Cando un óvulo fecunda a un espermatozoide fórmase unha nova célula chamada cigoto, que se divide varias veces e forma un grupo de células que son todas iguais ata que non comeza a diferenciación celular.
 - d. As células dun mesmo tecido teñen a mesma orixe embrionaria.
 - e. Unha glándula que libera substancias ao interior do tubo dixestivo é endócrina.
 - f. As matrices dos tecidos conectivos son sempre masas xelatinosas ou sólidas.
 - g. Todos os tecidos musculares estriados son de contracción voluntaria.
 - h. O tecido nervioso está formado por neuronas na súa totalidade.
 - i. Os planos parasaxitais forman ángulos de 90° cos transversais.
 - j. En animais cuadrúpedes, os termos dorsal e ventral poden intercambiarse por detrás e diante, respectivamente, pero en bípedes non.
 - k. O dedo corazón é o máis medial de todos os da man.
 - l. A cavidade nasal é caudal respecto da bucal.
 - m. Os pulmóns atópanse na cavidade abdominopélvica.
 - n. A cavidade abdominal e a pélvica están separadas polo diafragma.
 - o. Todos os tecidos musculares lisos son de contracción involuntaria.
4. Que é o endotelio?
5. Que característica dos miocitos ou fibras musculares fai que sexan idóneas para formar o tecido muscular, encargado do movemento do corpo?
6. Cando os seres humanos durmimos, o noso corazón segue latindo e podemos estar facendo a dixestión. Porén, non adoitamos flexionar os brazos durante o sono. Por que?
7. O tecido nervioso está formado por dous tipos de células. Unhas encárganse de transmitir, dunha a outra, os impulsos nerviosos, e as outras teñen un papel de “auxiliares” das primeiras. Cal é o nome de cada unha?
8. Escribe unha frase con cada un dos seguintes termos, deixando claro que coñeces o seu significado: ótica/o, escapular, poplítea/o, cervical.
9. Nomea as partes que sinalan os números 1, 2, 3, 4, 5, 9, 10, 11 e 12.



10. Cal é o dedo máis lateral da man esquerda? É o máis medial da dereita?

11. Cales son as cinco principais cavidades da cabeza? Escribe tres frases nas que relaciones a situación de dúas delas mediante termos direccionais.
12. Unha célula non especializada convértese nunha célula do cerebro durante o desenvolvemento fetal. Este é un exemplo de: a) homeostase b) organización c) diferenciación d) crecemento.
13. O conduto vertebral ou raquídeo: que contén? Que o delimita?
14. Indica os termos direccionais aos que se refire cada frecha.



15. Indica que plano representa a forma amarela en cada caso.

